



| Guía Docente | | | | |
|---------------------------|--|---------------------------|---------------------|-----------------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Literatura Norteamericana nos seus Textos | Código | 613G03047 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | Cuarto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Simal Gonzalez, Begoña | Correo electrónico | begona.simal@udc.es | |
| Profesorado | Simal Gonzalez, Begoña | Correo electrónico | begona.simal@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Este curso está deseñado co fin de que a/o estudante se familiarice coa literatura multi-étnica dos Estados Unidos. Prestarase especial atención á segunda metade do século XX e ao século XXI. Esta materia complementa as das asignaturas obrigatorias de literatura norteamericana; daquela, se optará por seleccionar un número limitado de "estudos de caso" (p. ex. textos da tradición literaria asiático-americana). | | | |



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

Simplificación das fontes primarias de lectura obrigatoria. Dependendo das circunstancias, algún texto poderá ser de lectura opcional.

2. Metodoloxías

Metodoloxías docentes que se manteñen

? Lectura de fontes primarias e secundarias (pódense realizar de xeito autónomo na casa).

? Traballos grupais (seguirán a utilizarse os foros de debate en Moodle). Nun escenario de docencia non presencial, a exposición oral do traballo poderá eliminarse ou ser substituída por exposicións gravadas (vid. Infra).

Metodoloxías docentes que se modifican

? Nun escenario de docencia non presencial, a análise de fontes documentais levarase a cabo por medio de foros interactivos de Moodle, así como por pequenas tarefas/assignments de Moodle.

? As clases expositivas ou ?leccións maxistras? serán substituídas por (ou complementadas con) recursos textuais (documentos PDF) e audiovisuais (presentacións gravadas);

? Presentación oral do traballo en grupo: a exposición oral do traballo poderá eliminarse ou ser substituída por exposicións gravadas.

? Proba mixta presencial: substituída por proba mixta realizada con medios telemáticos

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

Ferramenta Temporalización

? Moodle (foros de dúbidas)

? E-mail (consultas individuais)

Semanalmente (a petición do alumnado)

Semanalmente (a petición do alumnado)

4. Modificacións na avaliación

O peso na cualificación de cada un dos tres apartados non sufrirá cambios, pero si se adaptarán as metodoloxías:

? METODOLOXÍA ?análise de fontes documentales? (30%): levarase a cabo por medio de foros interactivos de Moodle (discussion forums) e/ou pequenas tarefas/assignments de Moodle.

? METODOLOXÍA ?traballo en grupo? (30%): a natureza deste ?collaborative project? non cambia, pero nun escenario de docencia non presencial, a exposición oral do traballo poderá eliminarse ou ser substituída por exposicións gravadas.

? METODOLOXÍA ?proba mixta? (40%): A proba final (40%) levarase a cabo por medio da ferramenta ?assignment? de Moodle na data oficial do exame; en caso de problemas constatados de conectividade, esta proba podería levarse a cabo oralmente, mediante chamada telefónica.

OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

MODIFICACIÓN NA AVALIACIÓN DE XULLO: Os/as estudantes que non teñan acadado un 4 sobre 10 en cada un dos apartados de avaliación, aínda que a nota media sexa superior a 5, terán que ir á oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante a superación das seguintes probas: como no caso da primeira oportunidade, nun escenario ?non presencial? a proba final (40%) levarase a cabo por medio de Moodle na data oficial do exame (en caso de problemas constatados de conectividade, esta proba podería levarse a cabo oralmente, mediante chamada telefónica); o 30% correspondente aos exercicios de análise textual tamén se realizarán por medio de Moodle na data do exame; finalmente, haberá unha proba oral, en substitución do 30% do traballo grupal, que será levada a cabo por vídeo-conferencia (Teams) ou, se houber problemas técnicos, por teléfono.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Facilitación de recursos electrónicos. As fontes primarias obrigatorias de extensión reducida estarán dispoñibles en Moodle. En canto ás fontes secundarias, engadiranse máis recursos electrónicos (p. ex. extractos en PDF, recursos propios da docente) ou en liña (p.ex. ligazóns a recursos bibliográficos da Biblioteca da UDC).



| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A6 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa. |
| A7 | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa. |
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A9 | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| A18 | Dominar a gramática da lingua inglesa. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B9 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|-----|-----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | A1 | A7 | A18 |
| Familiarizarse con algúns dos autores máis pertinentes e os seus textos correspondentes. | A1 | | |
| Aprender a ler criticamente. Ser capaz de aplicar un enfoque social (xénero, raza, clase...) na análise dos textos presentados, así como de comparar e relacionar os devanditos textos cos de outras tradicións literarias. | A6 | B5 | |
| | A10 | B7 | |
| | A15 | | |
| Usar a bibliografía apropiada (libros, capítulos de libros, ou revistas literarias), así como realizar tarefas de investigación a través de Internet. | | B1 | |
| | | B2 | |
| | | B3 | |
| | | B9 | |
| Ter dominio da lingua inglesa (C1/C2) a nivel oral y escrito. Os exercicios escritos deben estar ben organizados, ser coherentes e comprensibles. | A6 | B10 | |
| | A8 | | |
| | A9 | | |
| | A18 | | |
| Ser capaz de traballar en grupos, organizar o uso do tempo asignado, analizar as prioridades, compartir información e coñecementos, distribuir tarefas y responsabilidades individuais, e aproveitar as distintas capacidades dos membros do equipo. | | B6 | |
| Esta asignatura anima á reflexión acerca da diferenza, da "otredade", e da nosa actitude cara a ese outro/a. O coñecemento dos antecedentes socio-históricos debería axudar aos/ás estudantes a comprender mellor as diferenzas que existen na sociedade e a respetalas. | | B8 | C4 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|--|--|
| UNIT 1 - Conceptos e contextos | <ol style="list-style-type: none"> 1. Concepts of race and ethnicity 2. Race and ethnicity in the US: a socio-historical introduction 3. Asian American literature: an overview |
| UNIT 2 - Japanese American literature | <ol style="list-style-type: none"> 1. Internment literature (excerpts) 2. Beyond internment (excerpts) |
| UNIT 3 -Chinese American literature | <ol style="list-style-type: none"> 1. Sui Sin Far?s ?Leaves from the Mental Portfolio...&quot; 2. Kingston?s The Woman Warrior (selected chapters) |
| UNIT 4 - Vietnamese American literature | <ol style="list-style-type: none"> 1. Truong?s Bitter in the Mouth (excerpts) 2. Nguyen?s The Sympathizer (excerpts) |
| UNIT 5 - Key issues in multi-ethnic literature | <ol style="list-style-type: none"> 1. 1. Intersectionality: gender and race, ethclass, generation gap. Gish Jen?s ?Who?s Irish?? (short story) 2. Globalization and Diaspora: Andrew Lam?s ?Viet Kieu? (essay); Divakaruni?s Arranged Marriage (short stories); Cathy Park Hong?s Engine Empire (selected poems) 3. Beyond Ethnicity? |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A1 | 1 | 28 | 29 |
| Sesión maxistral | A7 | 8.5 | 0 | 8.5 |
| Análise de fontes documentais | A9 A15 A18 B9 B8 B7 B5 B3 B2 B1 | 18 | 18 | 36 |
| Traballos tutelados | A6 A8 A10 A15 B6 B10 C4 | 2 | 20 | 22 |
| Proba mixta | A6 A7 A9 A15 A18 B5 B7 | 2 | 14 | 16 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | Espérase que cada estudante lea todos e cada un dos textos polo miúdo e de xeito crítico, intentando acadar as súas propias conclusións. Tamén se espera que realicen as lecturas obrigatorias antes da clase. Grazas ao programa detallado que se lle entrega ao alumnado durante a primeira semana de clase, coñécense con antelación as datas nas que se analizará cada unha das lecturas obrigatorias. |
| Sesión maxistral | Neste tipo de sesións a docente explicará o contexto socio-histórico e cultural no que se inscriben os textos a analizar, exploraranse os conceptos teóricos máis relevantes e proporcionaranse pautas de análise textual. As sesións maxistrales levaranse a cabo nas clases co grupo grande, correspondentes á docencia expositiva (DE). De xeito ocasional, poderá organizarse algunha conferencia a cargo de expertas/os doutras universidades. |
| Análise de fontes documentais | Análise textual (close reading) e respostas razoadas sobre a lectura dos textos. Neste tipo de actividade, o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas, por medio do comentario e análise textual, polo que se valorará a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se terá en conta a capacidade de aplicar os coñecementos teóricos á práctica de análise textual. Como no resto de actividades desta materia, avaliaranse ademais as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión en lingua inglesa |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Este traballo colaborativo levarase a cabo en grupos reducidos (3-4 estudantes por equipo). Cada grupo escollerá un libro da lista que a docente proporcionará ao inicio do cuadrimestre. Durante os meses de abril e maio as estudantes elaborarán o ?Project Topic? baixo a supervisión da profesora e organizarán foros de debate nos que participará o resto do alumnado. Unha vez pechen os devanditos foros, cada grupo elaborará un resumo do debate máis as conclusións máis salientables do mesmo. O obxectivo deste traballo é que o alumnado afonde nun texto e tema determinados e máis exprese a súa opinión, como resultado dunha reflexión crítica. Dado que se trata dunha actividade colaborativa e grupal, a capacidade de traballo en equipo é moi importante, como tamén o son as destrezas lingüísticas e comunicativas amosadas na elaboración e na exposición oral do traballo. |
| Proba mixta | Nesta proba final o alumnado terá que amosar o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas, por medio do comentario e análise textual, polo que se valorará a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se valorarán tanto os coñecementos teóricos adquiridos como a capacidade do alumnado que aplicar os devanditos coñecementos á práctica. Finalmente se avaliarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita en lingua inglesa. Estas probas poden combinar preguntas de resposta breve con outras preguntas a desenvolver. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | As presentacións orais son unha tarefa esixente para a meirande parte das/dos estudantes. Daquela, se levarán a cabo titorías en grupo reducido e/ou individuais, para axudar a plantexar o traballo e dar pautas de mellora se se detectan problemas lingüísticos. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-------------------------------|------------------------------------|--|---------------|
| Análise de fontes documentais | A9 A15 A18 B9 B8 B7 B5 B3 B2 B1 | Neste tipo de actividade, o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas, por medio do comentario e análise textual, polo que se valorará a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se terá en conta a capacidade de aplicar os coñecementos teóricos á práctica de análise textual. Como no resto de actividades desta materia, avaliaranse ademais as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión en lingua inglesa. | 30 |
| Proba mixta | A6 A7 A9 A15 A18 B5 B7 | Nesta proba final o alumnado terá que amosar o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas, por medio do comentario e análise textual, polo que se valorará a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se valorarán tanto os coñecementos teóricos adquiridos como a capacidade do alumnado que aplicar os devanditos coñecementos á práctica. Finalmente se avaliarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita en lingua inglesa. Estas probas poden combinar preguntas de resposta breve con outras preguntas a desenvolver. | 40 |



| | | | |
|---------------------|----------------------------|--|----|
| Traballos tutelados | A6 A8 A10 A15 B6 B10 C4 | Este traballo colaborativo levarase a cabo en grupos reducidos (3-4 estudantes por equipo). Cada grupo escollerá un libro da lista que a docente proporcionará ao inicio do cuadrimestre. Durante os meses de abril e maio as estudantes elaborarán o ?Project Topic? baixo a supervisión da profesora e organizarán foros de debate nos que participará o resto do alumnado. Unha vez pechen os devanditos foros, cada grupo elaborará un resumo do debate máis as conclusións máis salientables do mesmo. O obxectivo deste traballo é que o alumnado afofunde nun texto e tema determinados e máis exprese a súa opinión, como resultado dunha reflexión crítica. Dado que se trata dunha actividade colaborativa e grupal, a capacidade de traballo en equipo é moi importante, como tamén o son as destrezas lingüísticas e comunicativas amosadas na elaboración e na exposición oral do traballo. | 30 |
|---------------------|----------------------------|--|----|

Observacións avaliación

Para superar a materia, a suma das distintas probas, traballos e máis outras actividades avaliábles terá que superar o 5 sobre 10. Para realizar a suma dos distintos aspectos avaliábles, o/a estudante deberá acadar alomenos 4 sobre 10 en cada un dos 3 apartados da avaliación. A participación dinámica nas diferentes tarefas da clase, así como toda actividade adicional de "extra-credit" que o alumnado realice ao longo do cuadrimestre, poderá supoñer ata un 5% extra na nota final (isto inclúe traballos voluntarios, lecturas alternativas ou calquera outra actividade proposta polo profesorado).

PLAXIO: Á hora de avaliar os ensaios e traballos de cada estudante, a profesora prestará especial atención a posibles casos de plaxio; a tal efecto, poderá realizar entrevistas orais co alumnado ou empregar recursos e aplicacións como TURNITIN que detecta citas incorrectas, plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorrer, aplicaranse as normas contra o plaxio (Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario). TURNITIN recoñece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais bibliográficos e de Internet.

CUALIFICACIÓN DE "NON PRESENTADO": Aquel(a) estudante que non se presente á proba final e/ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación acadará a cualificación de NP.

AVALIACIÓN DE XULLO: Os/as estudantes que non teñan acadado un 4 sobre 10 en cada un dos apartados de avaliación, aínda que a nota media sexa superior a 5, terán que ir á oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante a superación das seguintes probas: un exame final (40%) semellante ao da primeira oportunidade (proba mixta); exercicios de análise de fontes documentais (30%) en substitución dos realizados ao longo do curso; unha proba oral (30%), en substitución do traballo grupal.

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

ESTUDANTES CON DISPENSA: Aquelas/esestudantes que estean matriculados a tempo parcial, e teñan concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade (xullo).

Atención á diversidade: Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o precise pode poñerse en contacto coa ADI na dirección de e-mail adi@udc.es.

Fontes de información

| | |
|----------------------------|--|
| Bibliografía básica | FONTES PRIMARIAS - LECTURAS OBRIGATORIAS 3 relatos de Mukherjee, Divakaruni e Jen (copias ou PDF)2 textos autobiográficos breves de Lam e Sui Sin Far (copias ou PDF)Non máis de 7 capítulos de The Woman Warrior (Kingston), de Bitter in the Mouth (Truong), e The Sympathizer (Nguyen)Ademais destes textos, que deben ser lidos antes da clase (segundo o calendario semanal), proporcionaranse ao alumnado copias (ou PDF) de varios textos de pouca extensión (poemas e máis extractos) para seren analizados na aula (ou en Moodle). |
|----------------------------|--|



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | FONTES SECUNDARIAS RECOMENDADAS: Sau-ling WONG's Reading Asian American Literature: From Necessity to Extravagance (Princeton: Princeton Univ. Press, 1993)King-kok CHEUNG's An Interethnic Companion to Asian American Literature (Cambridge: Cambridge Univ. Press, 1997)Begoña SIMAL's Identidad étnica y género en la narrativa de escritoras chinoamericanas (UDC Univ. Press, 2000)Crystal PARIKH and Daniel KIM's The Cambridge Companion to Asian American Literature (Cambridge: Cambridge Univ. Press, 2015)Rachel LEE's The Routledge Companion to Asian American and Pacific Islander Literature (Routledge, 2016). Begoña SIMAL's Ecocriticism and Asian American Literature (Palgrave Macmillan, 2019/2020). PDF excerpts in Moodle. ARTIGOS E CAPÍTULOS RECOMENDADOS: David HOLLINGER's Postethnic America, Sau-ling WONG's Denationalization Reconsidered, Werner SOLLORS' Beyond Ethnicity, Ana MANZANAS and Jesús BENITO'S Narratives of Resistance, Salman RUSHDIE's Imaginary Homelands, Begoña SIMAL's Andrew Lam's Narratives of Return, etc. |
|------------------------------------|---|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Norteamericana 1/613G03024

Literatura Poscolonial/613G03026

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Literatura Norteamericana 2/613G03035

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Materias que continúan o temario

Traballo Fin de Grao/613G03041

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías